

Título	Escenas de bullying
Persoas	2 facilitadores/as
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Propiciar o debate, o diálogo e a escoita activa. • Favorecer a empatía e apreciar as diferencias de perspectivas • Tratar problemáticas vinculadas á exclusión social e acoso
Enfoque	<p>Debate en movemento</p> <p>Dinámica similar ao “barómetro de valores” pero con catro currunchos: tres opcións pechadas e unha aberta.</p> <p>Ante cada situación, as persoas deben situarse no espazo e o debate facilítase en función destas situacións. Cada unha dá lugar a intercambios de visións e opinións entre as persoas participantes. O debate é estimulado pola persoa ao cargo da sesión. Non se procura convencer, senón explorar diversidade de perspectivas.</p>
Materiais	Indicadores para os catro currunchos Listaxe de situacións
Descrición	
Tempos	Paso a paso
5’	<p>Introdución</p> <p>Espazo amplo cun centro e catro puntos diferenciados, correspondentes ás diferentes opcións en cada situación. Poden identificarse con carteis cos números 1, 2, 3 e 4.</p> <p>As persoas sitúanse no centro e móvense cara a un ou outro extremo durante o desenvolvemento do debate.</p>
5’ 10’ por situación	<p>As persoas sitúanse no centro en disposición de escoitar.</p> <p>A persoa que facilite enuncia unha situación e clarifica as opcións.</p> <p>As persoas reflexionan e sitúanse en función da súa opinión.</p> <p>Unha vez todas se sitúan, a persoa que facilita propicia un diálogo/debate entre as persoas participantes, que se poden desprazar en caso de cambiar de opinión.</p> <p>Unha vez que a conversa deu o que pode dar e sen perder o dinamismo, a persoa facilitadora convida o grupo a se xuntar no centro para sacar outra situación para o debate. Non é necesario facelas todas! O único importante é que o grupo reflexione, fale e se escoite.</p>
10’	<p>Reflexión final</p> <p>Tras a reflexión unha por unha das situacións, paga a pena reflexionar sobre a aprendizaxe, quer tocante á temática concreta, quer tocante á dinámica de grupo e ás descubertas.</p>

Fonte	http://www.eycb.coe.int/compasito/pdf/Compasito%20EN.pdf
Apéndice	<p>Situación 1</p> <p>Os teus amigos comezan a chamarche nomes, a enviarche mensaxes de texto desagradables e obrígante a darlles cousas. Non te sentes ben cando isto acontece. Que facer?</p> <p>Opcións:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Nada. Algo farías mal para que os teus amigos se comporten así.2. Insúltaos e ameázaos ti a eles.3. Fala cos teus pais ou cos profesores e dilles o que está a acontecer.4. Outra cousa (currunchos abertos). <p>Situación 2</p> <p>Alguén da túa clase está espallando rumores sobre ti mediante mensaxes de texto. Hai persoas que xa non xogan nin falan contigo. Incluso parece que os teus amigos comezan a sospeitar que poidan ser verdadeiros. Que facer?</p> <p>Opcións:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Nada. Ninguén te crerá porque todos pensan que os dixomedixomes son certos.2. Empezar a difundir ti rumores negativos sobre outros nenos e nenas.3. Facerlle ver a todas as persoas que os dixomedixomes non son certos.4. Outra cousa (currunchos abertos). <p>Situación 3</p> <p>A túa irmá ou irmán máis vello dáche golpes e patadas cando ninguén está mirando. Di que se o acusas aínda che ha facer fará máis dano. Que facer?</p> <p>Opcións:</p>

1. Contarlles aos teus pais ou profesores o que está a suceder.
2. Pedirlles aos teus amigos da escola que che axuden a loitar contra teu irmán ou irmá.
3. Dicirlle que doe e pedirlle por favor que deixe de mancarte.
4. Outra cousa (currunchos abertos).

Situación 4

O teu profesor trátate de parvo ou parva cada vez que dás unha resposta equivocada na clase e di que non ten sentido nin sequera tentar ensinarche porque non podes aprender. Outros nenos comezan a rirse de ti. Que facer?

Opcións:

1. Dirixirte directamente ao director e contarlle o que está a suceder.
2. Comezar a faltar á clase porque non queres ir á escola.
3. Preguntarlles a teus pais se podes cambiar de clase ou cambiar de escola.
4. Outra cousa (currunchos abertos).

Situación 5

Observas que un dos teus amigos se burla dos nenos máis pequenos no campamento de verán. Pareceche que o teu amigo está comezando a manganlles cousas aos pequenos. Que facer?

Opcións:

1. Falar cos monitores do que está a suceder, sen deixar que o teu amigo/a o saiba.
2. Axudarlle ao teu amigo/a a manganlles cousas dos nenos máis pequenos. Mellor iso que que che queira roubar a ti.
3. Dicirlle ao teu amigo/a que pensas que o que está facendo é malo e que debería deixar os pequerrrechos tranquilos.
4. Outra cousa (currunchos abertos).

Situación 6

Un grupo de nenos máis vellos ca ti procedentes doutro colexio veñen constantemente abusar á túa escola. Agardan a que esteas camiño da casa ou esperando só o autobús para rodearte e roubarche diñeiro, comida ou xoguetes. Tamén arrebolan pedras e ameazan con algo peor. Que facer?

Opcións:

1. Ter moito coidado e ir e vir da escola en grupo.
2. Dicirlles aos adultos da túa escola o que está a suceder e pedir axuda.
3. Levar pedras ou un coitelo para protexerte.
4. Outra cousa (currunchos abertos).

Situación 7

Un rapaz da túa clase é refuxiado ou inmigrante dun país raro. Case todos os nenos e nenas, incluídos os teus mellores amigos, lle din cousas racistas: búrlanse da súa maneira de falar e dinlle que regrese á casa. Que facer?

Opcións:

1. Úneste aos teus amigos. Non o coñeces e non tes que preocuparte por el.
2. Dislle ao profesor que os teus amigos están a dicir cousas racistas.
3. Ofréceste a axudarlle a aprender o idioma, para que os teus amigos non se burlen tanto.
4. Outra cousa (currunchos abertos).

Situación 8

Sempre te metías cun rapaz da túa clase porque é malísimo canto lle toca ler e non sabe escribir ben. Notaches que ultimamente case sempre senta só. Hoxe pareceuche que tiña bágoas nos ollos. Que facer?

Opcións:

1. Nada, probablemente só tivese un mal día e non ten nada que ver contigo.
2. Deixar de burlarte do/a rapaz/a e preguntarlle por que estaba a chorar.

3. Dicirlle que pode deixar de chorar porque non te vas meter máis con el. Xa que é medio parvo, podía ir a clases particulares.
4. Outra cousa (Curruncho aberto).

Situación 9

Tes un medio irmán máis vello ca ti ao que lle gustas moito. Sempre quere bicarte e abrazarte, pero aínda que che cae ben, isto faite sentir incómodo.

Que facer?

Opcións:

1. Dicirllo a un dos teus pais ou a outro irmán.
2. Pelexar con el cada vez que te toque.
3. Intentar evitalo e manter a distancia.
4. Outra cousa (curruncho aberto).